

Morreu a educadora Antía Cal, Socia de Honra de Nova Escola Galega

A educadora Antía Cal Vázquez, que nacera na Habana (de nai e pai galegos) en abril de 1923, acaba de falecer case con 99 anos. Foi promotora desde 1959 dun colexio privado en Vigo, o Rosalía de Castro, desde o que sementou novos modos de facer pedagóxico, enlazando así con algunhas das mellores perspectivas da Escola Nova internacional. Procurou facer da vida do colexio un espazo aberto ao medio e á cultura galega. Con estas inquedanzas enlazou contra fins dos anos sesenta do século XX coa asociación pedagóxica catalá Rosa Sensat e coas Escolas d' Estiu, ás que asistiría con frecuencia. A través deste contacto, que estreitou coa pedagoga catalá Marta Mata, algunhas profesoras de Rosa Sensat coordinaron varios cursos de formación docente en Vigo; contactos cos que igualmente se facilitou a edición, a través da editorial Galaxia, de varios álbums ilustrados de literatura infantil de orixinal autoría catalá nos primeiros anos setenta.

Antía Cal, na avanzada da pedagogía nova e da loita polos dereitos da educación das nenas, promovía a expresión infantil e a procura das 'palabras xustas'. Unha vida de educadora recoñecida en diversos momentos, incluíndo o Pedrón de Ouro e o ser Socia de Honra de Nova Escola Galega.

Co noso recoñecemento e admiración.

Xosé Lastra Muruais. Presidente.